

TIPOS DE PREGUNTAS

- Preguntas de opción múltiple:

Para crear una pregunta de opción múltiple temos que elixir esta opción no despregable [Crear unha nova pregunta] da páxina 'Editando un cuestionario' ou do sitio de xestión de preguntas ó que se accede facendo clic en [Preguntas] dentro do bloque 'Administración'.

Logo seguimos os seguintes procedementos:

1. Elixi-la categoría á que pertencerá a pregunta.
2. Enche-lo campo 'Nome da pregunta' cun nome representativo da mesma ('pregunta_1' non é un bo nome).
3. Escribi-lo texto da pregunta.
 - Á hora de engadir unha imaxe á pregunta dispoñemos de dúas alternativas:
 - i. Seleccionar unha imaxe do cartafol de arquivos do curso mediante o despregable [Imaxe a amosar].
 - ii. Mediante o editor WYSIWYG de Moodle facendo clic na icona 'Imaxe' (Engadir Imaxe).
4. Escoller se a pregunta terá unha ou máis respostas válidas.
5. A continuación débense engadi-las posibles solucións á pregunta. Para cada posible resposta pódense incorporar reforzos que o alumno recibe no momento de responder, e o que é máis importante, un peso (porcentaxe) que será o que determine se a resposta é correcta. Dependendo do número de respostas correctas asignamos un peso do 100%, mentres que tres respostas correctas terían un peso de 33,33% cada una. Moodle incorpora a posibilidade de que as respostas incorrectas tamén resten un peso á cualificación das preguntas.
6. O facer clic no botón [Gardar cambios], a pregunta queda incorporada á categoría indicada.

Un tipo especial de pregunta de resposta de opción múltiple son as preguntas de 'verdadero e falso'.

- Crear preguntas de resposta curta:

As preguntas de resposta curta requiren que o alumno conteste cunha palabra ou frase curta a un enunciado. Este tipo de preguntas teñen o inconveniente de que a

solución dada ten que se axustar exactamente ás establecidas previamente polo profesor que elabora a lista de respostas aceptables.

Para crear una pregunta de resposta curta hai que segue-los seguintes pasos:

1. Elixi-la categoría á que pertencerá a pregunta
2. Dar á pregunta un nome descriptivo.
3. Crea-lo enunciado da pregunta. Se se cré oportuno engadir unha imaxe.
4. Escoller se se quere que se faga distinción entre maiúsculas e minúsculas.
5. Enche-los campos das respostas que se aceptarán como válidas e asignarlles un peso (pódese modular a valoración asignando diferentes pesos as respostas válidas).
6. Engadi-los reforzos para cada resposta.
7. Garda-los cambios.

- **Crear preguntas numéricas:**

As preguntas numéricas son un tipo de preguntas de resposta curta para fórmulas. Pódense crear preguntas en base a unha ecuación para que os alumnos contesten cun valor numérico. O profesor tamén poderá establecer un intervalo de erro para a resposta.

Para crear unha pregunta numérica hai que segue-los seguintes pasos:

1. Escoller [Pregunta numérica] do menú [Crear una nova pregunta].
2. Dar un nome descriptivo á pregunta.
3. Escribi-la ecuación ou a pregunta numérica a resolver. Se é preciso, incorporar unha imaxe. Moodle dispón do filtro Tex para incorporar fórmulas complexas ó texto; este filtro traballa cunha sintaxe algo incómoda para os non familiarizados con ela polo que unha imaxe pode ser mellor opción se non pertencemos a ese grupo de persoas.
4. Introduci-la resposta correcta.
5. Introduci-lo erro aceptado, un rango por encima ou por debaixo da resposta correcta. Para unha resposta de valor 7 no que 6 e 8 se aceptan, o erro aceptado sería de 1.
6. Opcionalmente pódese incluí-la unidade de medida do resultado, podéndose aceptar como válidas respostas en unidades múltiplo/divisor da dada (por exemplo: $0,001t = 1kg = 1000g$).

7. Engadir os reforzos oportunos á resposta.
8. Gardar cambios e engadi-la pregunta á categoría para a que foi creada.

- **Crear preguntas de emparellar:**

As preguntas de emparellar prantexan un enunciado e invitan ó alumno a relacionar unha serie de elementos 'pregunta' con múltiples elementos 'resposta', de tal xeito que uns e outros rematen emparellados.

Para crear unha pregunta de emparellar hai que segue-los seguintes pasos:

1. Escoller [Emparellar] no despregable [Crear unha nova pregunta].
2. Darlle á pregunta un nome descriptivo.
3. Escribir un enunciado que indique ó alumno os elementos que ten que emparellar. Pódese engadir unha imaxe á pregunta.
4. Engadir cada elemento 'pregunta' co seu elemento 'resposta'. O número de parellas a incluír na pregunta non pode ser menor que 3 nin maior que 10.
5. Garda-los cambios e engadir a pregunta á categoría elixida.

Moodle amosará os elementos 'pregunta' nunha columna e a continuación outra columna con menús despregables (un por elemento da primeira columna) con tódalas respostas posibles para que o alumno escolla en cada caso a que corresponda.

- **Crear preguntas de emparellar respostas curtas ao chou:**

Iste é un tipo de pregunta moi interesante. Unha pregunta deste tipo xenera unha pregunta de tipo 'emparellar' a partir de preguntas de tipo 'resposta curta' da mesma categoría. É unha boa forma de reciclar as preguntas curtas antigas.

Para crear unha pregunta deste tipo:

1. Seleccionar [Emparellando respostas curtas aleatoriamente] do menú [Crear unha nova pregunta].
2. Dar un nome á pregunta.
3. Seleccionar ó número de preguntas de resposta curta que queremos que interveñan. Se o número é inferior ó de preguntas curtas existentes na categoría, estas serán seleccionadas ó chou. Para a nosa actividade marcamos 3 (previamente creadas na actividade crear preguntas de resposta curta).
4. Garda-los cambios.

- **Crear preguntas calculadas:**

Unha pregunta calculada é unha ecuación matemática con variables que toman valores a eido dun conxunto de valores xerados polo profesor. Por exemplo, se un profesor quixera xerar un gran número de problemas de multiplicacións podería crear unha ecuación con dúas variables {a} e {b}. Dese xeito cando un alumno comezara a resolve-lo cuestionario Moodle xeraría valores a eido para {a} e para {b}.

Para crear unha pregunta do tipo 'calculadas' hai que segue-los seguintes pasos:

1. Escoller [Calculadas] no menú [Crear unha nova pregunta].
2. Darlle á pregunta un nome descriptivo.
3. Introduci-lo enunciado reemplazando os valores por variables entre chaves ({a}, {b}, ...). Pódese engadir unha imaxe ó enunciado.
4. Engadi-la fórmula para a resposta. O profesor ten que se asegurar de usa-las mesmas variables que no enunciado para que o sistema poda face-las substitucións oportunas.
5. Determina-la tolerancia do erro aceptado na resposta (rango de valores aceptado).
6. Se se desexa, engadir ó reforzó para o alumno.
7. Se se desexa, engadi-las unidades nas que se dará o resultado (e o factor de conversión para resultados múltiplos/divisores do dado).
8. Garda-los cambios.
9. Na seguinte pantalla escoller se se desexa toma-los valores das variables dun conxunto propio ou doutro común para tódalas categorías.
10. Na seguinte pantalla xera-lo conxunto de variables e garda-los cambios.

- **Crear preguntas de respostas inseridas (Cloze):**

Trátase dun tipo flexible de pregunta que permite incrustar nun texto preguntas de opción múltiple, de resposta curta e numéricas.

Actualmente non se dispón dunha interface gráfica para crear este tipo de preguntas, de modo que é preciso especificar a pregunta como un texto con códigos inseridos para indicar onde van os ocos e que respostas admítense en cada un.

Para crear unha pregunta de resposta inserida hai que seguir os seguintes pasos:

1. Elixir a categoría á que pertencerá a pregunta.
2. Pór un nome descritivo á pregunta.
3. Escribir o enunciado da pregunta do seguinte xeito: o texto do enunciado escríbese normalmente e, cando chegamos ao lugar onde debe colocarse un oco para que o estudante compléteo, faremoslo saber a Moodle cun código rodeado por chaves. Estudiaremos os tres tipos nos seguintes puntos adicados a este tipo de preguntas.
4. Engadir unha imaxe, se se desexa, seguindo calquera dos procedementos detallados nas preguntas de opción múltiple.
5. Opcionalmente, podemos especificar un factor de penalización (ver os detalles sobre esta opción no punto 6 da descrición do proceso de creación de preguntas de opción múltiple).
6. Escribir, se queremos, unha Retroalimentación xeral ou mensaxe mostrada ao estudante no momento de revisar a pregunta ou o cuestionario.
7. Para finalizar pulsaremos no botón Gardar cambios.

- **CLOZE: Encher cadros baleiros con texto.**

No lugar onde queiramos que apareza o oco ou cadro baleiro inseriremos o código encerrado entre chaves.

O código consta de tres campos separados por dous puntos (:).

O primeiro campo indica cantos puntos valerá a pregunta.

1. O segundo contén a palabra SHORTANSWER (escrita en maiúsculas).
2. O terceiro, precedido polo signo igual (=), contén a resposta correcta. Podemos especificar varias respostas correctas separadas por "~" seguido polo signo igual, é dicir: "~=resposta".
3. Temos a posibilidade de pór comentarios a cada unha das respostas. Para iso, só hai que pór o símbolo da almofadiña (#) tras cada unha das respostas que desexemos.

- **CLOZE: Engadir preguntas de "Selección múltiple"**

No lugar onde queiramos que apareza a lista desplegable inseriremos o código encerrado entre chaves. Devandito código consta de tres campos separados por dous puntos (:).

O primeiro campo indica cantos puntos valerá a pregunta.

O segundo contén a palabra MULTICHOICE (escrita en maiúsculas).

O terceiro enumera as opcións que debe mostrar a lista desplegable. Cada unha de estas opcións debe ir precedida do carácter "~". A resposta correcta ten, ademais, un signo igual (=). Se unha resposta é parcialmente correcta, podemos asignarlle unha porcentaxe da cualificación da pregunta do seguinte xeito: "~%50%resposta".

- **CLOZE: Encher cadros baleiros con respostas numéricas (indicando marxe de tolerancia)**

No lugar onde queiramos que apareza o oco ou cadro baleiro inseriremos o código encerrado entre chaves. Como nos exemplos anteriores, o código consta de varios campos separados por dous puntos (:).

O primeiro campo indica cantos puntos valerá a pregunta.

O segundo contén a palabra NUMERICAL (escrita en maiúsculas).

O terceiro, precedido polo signo igual (=), contén a resposta numérica correcta.

O último campo é opcional e permítenos indicar unha marxe de tolerancia. Por exemplo, se queremos especificar unha marxe de tolerancia de ± 0.04 , debemos escribir devandito valor no último campo (sen o símbolo \pm). Podemos especificar varias respostas correctas separadas por "~" seguida polo signo igual, é dicir, "~=resposta".